



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Didáctica da lingua galega	Código	652G01015	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	montserrat.muriano@udc.es	
Profesorado	Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	montserrat.muriano@udc.es	
Web	www.symbaloo.com/mix/facemos-lingua-con-axuda			
Descrición xeral	<p>O obxectivo da materia é proporcionar un marco teórico e metodolóxico para o traballo da lingua galega na aula. Trátase, en primeiro lugar, de facer consciente o alumnado do carácter transversal do ensino lingüístico e da responsabilidade das mestras e mestres como modelos de lingua. Incidirase, neste sentido, na importancia de adquirir unha competencia lingüística e comunicativa en lingua galega óptima por parte do profesorado de Educación Infantil, así como a súa formación e reciclaxe constante; así mesmo, presentaranse os recursos para acadar dita competencia profesional.</p> <p>Estudaranse, de modo xeral, os condicionamentos do ensino en contextos de contacto lingüístico e, máis especificamente, as características do caso galego. Esta análise servirá para fundamentar as estratexias que se poñan en práctica na aula de Educación Infantil para o ensino-aprendizaxe da lingua. A materia introducirá cuestións curriculares que atinxen a todo o bloque de Linguaxe Verbal e tentará familiarizar as alumnas e alumnos coa programación didáctica neste ámbito. Afondarase en particular no traballo para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas orais, a través de prácticas como o conto contado, os xogos de lingua ou a asemblea.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.



A52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
A59	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidosas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B21	Coñecemento e comunicación en linguas estranxeiras.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Tomar conciencia do papel do profesorado como modelo lingüístico	A48	B6 B24
Acadar un dominio axeitado da expresión oral e escrita en lingua galega	A43 A44 A46	B14 B19	C1



Coñecer os principais recursos bibliográficos e dixitais para o ensino-aprendizaxe da lingua galega	A42 A45 A50 A51	B11 B25	C3 C6 C7 C8
Coñecer o marco xurídico polo que se rexe a utilización das linguas no sistema educativo galego	A31		
Coñecer os fundamentos do currículo de lingua da etapa de Educación Infantil en Galiza	A31		
Aprender a desenvolver a programación didáctica na área lingüística	A4 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51		
Coñecer as metodoloxías para o ensino da lingua en contextos multilingües	A48 A52	B20 B21	C2
Ser capaz de analizar as particularidades da situación sociolingüística galega	A13 A23	B24	C4
Saber deseñar estratexias para a aprendizaxe da lingua galega do alumnado galego-falante e non galego-falante	A42 A43 A44 A46 A47 A48 A49 A63		
Saber transmitir actitudes e valores positivos en relación coa lingua e cultura galega	A40 A48	B24	C4
Saber programar actividades para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas orais	A43 A44 A46 A49 A60	B8 B18 B23	C1
Deseñar unha proposta didáctica, para a súa posible aplicación nunha aula de Educación Infantil, que inclúa un conto contado, unha asemblea, unha canción e un xogo de lingua.	A29 A43 A44 A45 A48 A49 A50 A51 A62 A63	B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B16 B19 B25	C1 C3 C4



Ser capaces de reflexionar sobre a propia práctica	A19	B3	C1
	A23	B10	C4
	A29	B12	C7
	A44	B14	
	A45	B15	
	A49	B17	
	A50	B19	
	A51	B22	
	A59		
	A60		
	A62		
	A63		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Fundamentos do ensino lingüístico	1.1. Que é ensinar lingua? 1.2. A competencia lingüística e comunicativa do profesorado
2. O ensino-aprendizaxe da lingua en contextos de contacto lingüístico: o caso galego	2.1. Conceptos básicos de Sociolingüística e Planificación Lingüística 2.2. Achegamento á situación sociolingüística galega 2.3. As linguas no sistema educativo galego: marco xurídico 2.4. Pautas para a planificación lingüística nos centros educativos galegos
3. A lingua na escola infantil	3.1. A linguaxe verbal no currículo da Educación Infantil: a Área de Linguaxes: Comunicación e Representación 3.2. Estratexias para o desenvolvemento da comunicación oral 3.2.1. A literatura de tradición oral na aula 3.2.1.1. O conto contado 3.2.1.2. Os xogos de lingua 3.2.2. A asemblea

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A43 A44 A48 A60 A63 B1 B3 B10 B14 B15 B19 B25 C1 C3 C7	2	0	2
Lecturas	A4 A13 A31 A42 A45 A46 A47 A51 B1 B3 B9 B10 B11 C6	0	20	20
Obradoiro	A29 A40 A44 A49 A50 B2 B5 B7 B12 B16 B17 B18 B19 B22 C1 C4	5	20	25
Presentación oral	A43 A45 B12 B25 C1 C3	2	4	6
Aprendizaxe servizo	A19 A23 A48 A59 A60 A62 A63 B4 B5 B6 B8 B15 B19 B22 B23 B24	10	25	35



Sesión maxistral	A4 A13 A19 A23 A31 A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A62 B14 B15 B17 B20 B21 C2 C7 C8	13	12	25
Portafolios do alumno	A31 A42 A43 A44 A45 A48 A63 B1 B3 B4 B9 B10 B11 B12 B19 B25 C1 C3 C7	10	25	35
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Lecturas	Documentos para a ampliación dos contidos traballados na aula.
Obradoiro	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.
Presentación oral	Exposición verbal en que se abordan contidos da materia de forma dinámica.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, en que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu contorno co fin de melloralo.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.
Portafolios do alumno	Cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo/pola estudante nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do/da alumno/a. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o/a alumno/a, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do/da alumno/a realizado polo/a profesor/a etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo Portafolios do alumno Obradoiro Presentación oral	<p>A organización en grupos pequenos das sesións interactivas permitirá á profesora trabar coñecemento co alumnado e realizar o seguimento dos seus progresos.</p> <p>As titorías constituirán, así mesmo, un espazo para a consulta e a resolución de diferentes dificultades que poidan xurdirle a cada grupo ou estudante nas tarefas solicitadas (portafolios individual, proposta grupal de aprendizaxe-servizo etc.) ou calquera outra cuestión ao redor da materia. O atendimento ao alumnado realizarase no horario marcado ao comezo do curso e poderá solicitarse á docente a través de correo electrónico ou do chat de Teams. Así mesmo, a titoría poderá ser presencial ou a través da plataforma Teams, sempre e cando non sexa posíbel a opción presencial.</p> <p>O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas pola docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.</p>



Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A19 A23 A48 A59 A60 A62 A63 B4 B5 B6 B8 B15 B19 B22 B23 B24	A actividade realizarase en grupo e componse de: - O deseño dunha proposta didáctica arredor da literatura de tradición oral e a súa aplicación nunha aula de Educación Infantil. A práctica gravarase en vídeo para a súa posterior presentación na aula e posterior debate co resto dos grupos. (30% da cualificación) - Un traballo de reflexión sobre o proceso de deseño e aplicación da proposta didáctica. Valorarase a capacidade de observación e de autocrítica, así como a integración dos coñecementos adquiridos no conxunto da materia. Terase especialmente en conta a claridade expositiva e a corrección expresiva. (20% da cualificación).	50
Portafolios do alumno	A31 A42 A43 A44 A45 A48 A63 B1 B3 B4 B9 B10 B11 B12 B19 B25 C1 C3 C7	O portafolios realizarase de xeito programado co desenvolvemento da materia e incluírá aquelas actividades que a docente indique ao alumnado e que este deberá realizar en tempo e forma para poder ser avaliadas empregando a avaliación continua. A finalidade última é a de facer un seguimento da aprendizaxe do/da alumno/a a medida que se vai desenvolvendo a materia para que este/esta sexa consciente dos seus avances no proceso de ensino-aprendizaxe.	40
Obradoiro	A29 A40 A44 A49 A50 B2 B5 B7 B12 B16 B17 B18 B19 B22 C1 C4	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.	10

Observacións avaliación



Requisitos

O alumnado debe ser capaz de se expresar correctamente en lingua galega, tanto oralmente como por escrito. O dominio destas destrezas é preceptivo para aprobar a materia.

Modalidades de avaliación

Estabelécense tres modalidades de avaliación:

1. Para as persoas que formen grupo (constituído por un mínimo de catro persoas) e asistan regularmente ás clases:

unha tarefa colaborativa: a actividade de aprendizaxe servizo, dividida á súa vez no deseño e aplicación da proposta didáctica (30% da cualificación) e no traballo de reflexión (20% da cualificación); unha tarefa individual: un portafolios individual onde o/a alumno/a irá recollendo todas as actividades propostas pola docente na aula e fóra desta para o seu seguimento e revisión, así como a súa posterior cualificación (40% da cualificación). asistencia e participación nos obradoiros programados, o que implica asistencia a un 80% das sesións para acadar a puntuación mínima (máx. 10% da cualificación). Para superar a materia é preciso ter aprobadas todas as probas. As persoas que concorran á oportunidade de xullo só repetirán as partes suspensas.

O traballo colaborativo é fundamental nesta modalidade de avaliación, polo que se debe asistir a un mínimo do 80% das sesións interactivas; así pois, a docente fará un seguimento de asistencia.

2. Para as persoas con recoñecemento de dispensa académica:

unha tarefa individual: un portafolios individual onde o/a alumno/a irá recollendo todas as actividades propostas pola docente para o seu seguimento e revisión, así como a súa posterior cualificación (35% da cualificación). unha proba de ensaio extensa (45% da cualificación). unha proba oral (20%) para a que será convocada/o a/o estudante en tempo e forma axeitados e coincidirá coa data do exame oficial da materia. Segundo o establecido na Norma que regula o réxime de deciación e estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster univesitario na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017): Deberá poñelo en coñecemento da docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento. Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas pola docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase que dita/o estudante opta pola modalidade 3) de avaliación. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

3. Para as persoas que non formen grupo ou non asistan regularmente ás clases:

unha proba de ensaio extensa (75% da cualificación). unha proba oral (25%) para a que será convocada/o a/o estudante en tempo e forma axeitados. Entrega dos traballos

Os traballos ou tarefas propostas entregaranse en formato dixital a través do campus virtual ou dos medios telemáticos sinalados pola docente.

Fontes de información



Bibliografía básica

Abala Quintela, J. E. [José Enrique] (2007). Os contos. Propostas para traballar con contos populares galegos. Ir Indo. Abelleira Bardanca, Á. [Ángeles] e Abelleira Bardanca, I. [Isabel] (2017). Botándolle conto á vida. En Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. Os fíos de infantil. Editorial Galaxia, pp. 117-121. Abelleira Bardanca, Á. [Ángeles] e Abelleira Bardanca, I. [Isabel] (2017). Soltando a lingua. En Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. Os fíos de infantil. Editorial Galaxia, pp. 106-111. Almodóvar, A. [Antonio] (1989). Cuentos de animales. En Almodóvar, A. Los cuentos populares o a la tentativa de un cuento infinito. Universidad de Murcia, pp. 127-133. Arias Correa, A. [Azucena] e Arias Correa, D. [Dolores] (2008). As adiviñas. Propostas para traballar coas adiviñas galegas. Ir Indo. Barragán, C. [Catalina] et al. (2005). Hablar en clase. Cómo trabajar la lengua oral en el centro escolar. Laboratorio Educativo e Graó. Barrio Val, M. [Maruxa] e Harguindey Banet, E. [Enrique] (1983). Lérias e enredos para os máis pequenos. Editorial Galaxia. Bigas Salvador, M. [Montserrat] e Correig Blanchar, M. [Montserrat] (edas.) (2000). Didáctica de la lengua en la educación infantil. Síntesis. Boullosa, P. [Palmira] (1997). Cando o rei por aquí pasou. Libro do folclore infantil galego. Xerais. Bruno, P. [Pep] (2019). Contar. A Buen Paso. Bryant, [S. C.] Sarah Cone (2003). El arte de contar cuentos. Biblaria. Callón, C. [Carlos] (2012). Como falar e escribir en galego con fluidez. Xerais. Callón, C. [Carlos] (2022). O libro negro da lingua galega. Xerais. Calvet, L. J. [Louis Jean] (1998). A (socio)lingüística. Laiovento. Carballal Miñán, P. [Patricia] (2019). Se non queres chorar, berra. En Montse Muriano Rodríguez (Eda.). Habitando historias. 10 experiencias arredor do libro e da lectura (pp. 29-54). Editorial Galaxia. Carballeira, P. [Paula] (2019). Perder o tempo. En Montse Muriano Rodríguez (Eda.). Habitando historias. 10 experiencias arredor do libro e da lectura (pp. 55-66). Editorial Galaxia. Carballeira, P. [Paula] (2021). E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivencia. A través Editora. Cassany, D. [Daniel], Luna, M. [Marta] e Sanz, G. [Glòria] (1994). Enseñar lengua. Graó. Crystal, D. [David] (2003). A morte das linguas. Editorial Galaxia. Ceballos Viro, I. [Ignacio] (2016). Iniciación literaria en Educación Infantil. UNIR. Cortizas Amado, A. [Antón] (2019). Non trabes na lingua. Editorial Galaxia. Cortizas Amado, A. [Antón] (2021). Adiviña esta adiviña. Editorial Galaxia. Cortizas Amado, A. [Antón] (2023). Quérese adiviñar?. Editorial Galaxia. Díaz García, M. T. [Mª Teresa], Mas Álvarez, I. [Inmaculada] e Zas Varela, L. [Luz] (coordas.) (2008). Integración lingüística e inmigración. Universidade de Santiago de Compostela. Feixó Cid, X. [Xosé] (2006). Gramática da lingua galega: síntese práctica. Xerais. Fernández Paz, A. [Agustín], Lorenzo Suárez, A. [Anxo] e Ramallo, F. [Fernando] (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Xunta de Galicia. Formoso Gosende, V. [Valentina] (2013). Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico. Xerais. Freixeiro Mato, X. R. [Xosé Ramón] (2007). Gramática da lingua galega. A Nosa Terra. Freixeiro Mato, X. R. [Xosé Ramón] (2013). Estilística da lingua galega. Xerais. Gugenberger, E. [Eva], Monteagudo, H. [Henrique] e Rei-Doval G. [Gabriel] (eds.) (2013). Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias. Consello da Cultura Galega. Harguindey Banet, E. [Enrique] (2009). Desaprenda a falar galego en 15 días cos erros dun tradutor automático e reaprenda noutros 15. Laiovento. Harguindey Banet, H. [Henrique] e Barrio Val, M. [Mercedes] (1994). Antoloxía do conto popular galego. Editorial Galaxia. López Viñas, X. [Xosé], Lourenço Mória, C. [Cilha] e Moreda Leirado, M. [Marisa] (2011). Gramática práctica da lingua galega: comunicación e expresión. Baía Edicións. Martín, P. [Paco] (1985). ¿Que cousa é cousa? O libro das adiviñas. Editorial Galaxia. Martínez Lema, P. [Paulo] e Sanmartín Rei, G. [Goretta] (eds.) (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. Universidade da Coruña. https://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Guia_intervencion_linguistica.pdf_2063069294.pdf Marzábal Expósito, F. [Felisa], López Barreiro, M. B. [Mª Belén] (2008). Profesionaliza a túa lingua: ciencias da educación. Universidade da Coruña. https://udc.gal/export/sites/udc/snl/_galeria_down/terminoloxia/CCEE.pdf_2063069294.pdf Medrano, C. L. [Carlos L.] (1994). 50 xogos de lingua. Xerais. Medrano, [Carlos L.] (1998). Outros 50 xogos de lingua. Xerais. Monteagudo, H. [Henrique], Loredó, X. [Xaquín] e Vázquez Grandío, G. S. [Gabino] (2021). Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización. Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.389> Noia Campos, C. [Camiño] (2002). Contos galegos de tradición oral. Nigratea. Núñez Singala, M. [Manuel] C. (2009). En galego, por que non?: contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua. Editorial Galaxia. Núñez Singala, Manuel C. (2017). Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta. Editorial Galaxia. Observatorio da Cultura Galega (2011a). Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega. Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega (2011b). O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística



1992-2008. Consello da Cultura Galega. Pablo Sánchez, M. J. [M^a Jesús] e Pérez Montero, C. [Carmen] (1995). El taller de lenguaje oral en la Escuela Infantil. Baúl de recursos. Siglo Veintiuno de España Editores. Palou, Juli e Bosch, C. [Carmina] (coords.) (2005). La lengua oral en la escuela. 10 experiencias didácticas. Graó. Porto Cervo, M. [Marina] (2011). Metodoloxía didáctica da improvisación oral en verso. SNL, Concello de Vigo. <https://snl.vigo.org/storage/arquivos/2013061412310841e78694a4c28335376e3fcc5149dbf8.pdf> Ramallo, F. [Fernando], Rei-Doval, G. [Gabriel] e Rodríguez Yáñez, X. P. [Xoán Paulo] (eds.) (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Xerais. Real Academia Galega (2021). Ideas para un plurilingüismo dende o galego no Concello de Ames. Real Academia Galega. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.388> Revista Galega de Educación, 41 (monográfico: Literatura oral e educación), xuño 2008. Revista Galega de Educación, 65 (monográfico: A lingua na Educación Infantil), xuño, 2016. Rodari, G. [Gianni] (2015). Gramática da fantasía. Introducción á arte de contar historias. Kalandraka. Rodríguez Carnota, M. [Miguel] (2022). Lingua, poder e adolescencia. Xerais. Sánchez-Cano, M. [Manuel] (coord.) (2009). La conversación en pequeños grupos en el aula. Graó. Sanmartín Rei, G. [Goretti] (coord.) (2010). Lingua e futuro. Laivento. Sanmartín Rei, G. [Goretti] (coord.) (2012a). Criterios para o uso da lingua. Universidade da Coruña. http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf. Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012b). Sobre a calidade da nosa lingua. Universidade da Coruña. http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf. Sende, Sechu (2007). Made in Galiza. Editorial Galaxia. Silva-Valdivia, B. [Bieito] (coord.) (1994). Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico. Universidade de Santiago de Compostela. Silva Valdivia, B. [Bieito], Rodríguez Rodríguez, X. [Xesús], Vaquero Quintela, I. [Isabel] (coords.) (2010). Educación e linguas en Galicia. Universidade de Santiago de Compostela. Silva Valdivia, B. [Bieito], Rodríguez Rodríguez, X. [Xesús], Vaquero Quintela, I. [Isabel] (coords.) (2011). A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios: actas das II Xornadas ?Educación e linguas en Galicia?. Universidade de Santiago de Compostela. Tejerina Lobo, I. [Isabel] (2010). La narración oral: un arte al alcance de todos. En M. Campos F., Fígares, G. Núñez Ruiz e E. Martos Núñez (coords.), ¿Por qué narrar? Cuentos contados y cuentos por contar. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 51-66. Xunta de Galicia (2011). Arrollos e xogos de iniciación para transmitir palabras e afectos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Bibliografía complementaria	<p>Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Polafías. Sección de Literatura de Tradición Oral.https://www.aelg.gal/Polafias/AGXPT. Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.http://www.agxpt.gal/Cuba Rodríguez, X. R. [Xoán R.], Miranda Ruíz, X. [Xosé], Reigosa Carreiras, A. [Antonio] (1999). Dicionario dos seres míticos galegos.Xerais.Diccionario castelán-galego. Rinoceronte Editora. https://rinoceronte.gal/diccionario/Galicia Encantada. Enciclopedia de fantasía popular de Galicia. https://galiciaencantada.com/Guía das normas APA, 7ª edición. Elaborado pola Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. https://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/APA_7_guia_biblioteca_2020_v1.pdfMosquera Carregal, X. M. [Xesús M.] e Pino Ramos, S. [Sara] (2008). Síntese gramatical. Universidade da Coruña.http://www.udc.es/snl/documentospdf/Sintese_gramatical.pdf.Muriano Rodríguez, M. [Montse]. Ensinar deleitando. Blogue de Montse Muriano Rodríguez sobre Didáctica da Lingua e da Literatura.http://ensinardeleitando.blogspot.com/Muriano Rodríguez, M. [Montse]. Conta da docente na rede social Instagram para uso académico: @montsemurianorMuriano Rodríguez, M. [Montse]. Conta da docente na rede social Twitter para uso académico: @montsemurianorMuriano Rodríguez,M.[Montse]. Facemos lingua con axuda, Symbaloo. https://www.symbaloo.com/mix/facemos-lingua-con-axudaOrella pendella. Ditos, recitados e cancións infantís.https://orellapendella.gal/Real Academia Galega (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Editorial Galaxia. https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/252/248/152Real Academia Galega (2012). Dicionario da Real Academia Galega. A Coruña. https://academia.gal/diccionario</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación inclusiva e multicultural/652G01011

Materias que continúan o temario

Didáctica da lingua castelán/652G01018

Literatura infantil e a súa didáctica/652G01024

Observacións

Tendo en conta a importancia que a perspectiva de xénero debe de ter na Ensinanza Superior de acordo coa lexislación vixente e atendendo ás indicacións da Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña, esta materia, así como a súa docente a título persoal, comprométese a: Usar linguaxe non sexista e inclusiva. Visibilizar e analizar os nesgos sexistas en recursos, medios e discursos etc. Propiciar a intervención en clase de alumnas e alumnos. Traballar para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influír na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Utilizar metodoloxías feministas baseadas na aprendizaxe colaborativa e na pedagogía dos coidados. Adaptar a normativa APA para que figuren os nomes de autoras e autores, así como a procura de paridade na bibliografía, aplicando a citación xusta: <https://www.educacion.udc.es/biblioteca/?pagina=citar>

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías